



RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN DO MÁSTER INTERNACIONAL EN ENXEÑERÍA DA AGUA

O Máster internacional en Enxeñería da Auga estase sometendo a un proceso de renovación da acreditación por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

De acordo co disposto pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia a visita da Comisión de Avaliación encargada de levar a cabo a renovación da acreditación do Máster Internacional en Enxeñería da Auga realizarase o próximo 29 de Setembro de 2020.

Por outra banda, de acordo coa información recibida para este proceso, a ACSUG porá en marcha un procedemento denominado “Audiencia Pública” sobre o que se indica que:

“ACSUG facilitará á universidade/centro un correo electrónico (audiencia publica@acsug.es) a través do cal as persoas relacionadas co título, e que non fosen convocadas ás audiencias, poderán enviar os seus comentarios. Establecerase un período de cinco días trala visita para recibir estes comentarios”

“Previamente á visita, o centro debe facer público na web que o título se vai someter a un proceso de acreditación e facilitar o correo electrónico que se menciona para que as persoas interesadas poidan dirixirse á Comisión de Avaliación. En ningún caso se terá en conta un comentario enviado por este medio se o remitente non está debidamente identificado: nome completo, perfil (estudante, egresado, PDI, PAS, etc.) e titulación sobre a que quere expoñer o comentario”.

En A Coruña, a 17 de Setembro de 2020